

Novembro de 2014

Número 6

Espazo FEE

 UNIVERSIDADE DA CORUÑA

A REVISTA DA FACULTADE DE ECONOMÍA E EMPRESA



A fin do Austericidio

Paraisos fiscais e países de baixa tributación

A auga: un dereito humano ou unha mercadoría?

Formas de discriminación

**As competencias informáticas e informacionais
na Universidade**

Editorial

A Universidade da Coruña está de aniversario. No verán de 2014, a UDC cumpriu os seus primeiros **vinte e cinco anos de existencia**. Lonxe semella quedar no tempo o ano 1989, cando a Xunta de Galicia, daquela presidida por Fernando González Laxe, posibilitou a creación do Sistema Universitario Galego a partir da centenaria Universidade de Santiago de Compostela e das dúas novas nadas na Coruña e en Vigo.

Moitas foron as vicisitudes e dificultades que a UDC tivo que afrontar durante este cuarto de século. A súa creación produciuse a partir da escisión dos centros universitarios pertencentes á USC que estaban localizados na Coruña e en Ferrol. En consecuencia, transferíronse medios humanos e materiais á nova institución. Porén, cumpría naquela etapa fundacional mudar un conxunto de centros periféricos dunha universidade clásica nunha verdadeira universidade moderna e dinámica capaz de dar resposta ás demandas que a sociedade formulaba nos ámbitos da educación superior, da investigación, da xeración do coñecemento e da transferencia. Era preciso abrir un oco e xerar desde a nada unha nova marca na Galicia dos anos noventa e no conxunto do sistema universitario español daquela época. Había que crear unha auténtica infraestrutura de docencia e investigación nunhas áreas onde a tradición e a presenza da universidade eran máis ben irrelevantes. Debíase facer unha oferta educativa con titulacións superiores atractivas e adaptadas ás características do contorno social e empresarial en que a UDC ía desenvolver a súa actividade.

Para este inxente labor precisábanse recursos materiais (aulas, laboratorios, equipos, consumibles etc.) e profesionais da docencia e da investigación capaces de dar unha resposta cumprida ás ditas demandas. Dado o carácter público da UDC, estaba claro que a súa misión debería ser prover dun servizo de educación superior de calidade facilitando o acceso do conxunto da poboación á formación, elevando o capital intelectual da sociedade e garantindo asemade a igualdade de oportunidades. Igualmente, a Xunta de Galicia había de asegurar un financiamento público suficiente e estable para poder cumprir estes obxectivos esenciais. Estes vinte e cinco anos deron testemuño de diferentes plans de financiamento, de distintos enfoques sobre cales debían ser as prioridades, da creación e crecemento de verdadeiros campus universitarios nos espazos urbanos da Coruña e Ferrol, da mellora da capacitación do persoal, de como saíron das aulas estudantes ben formados con titulacións competitivas etc.

Botando a vista cara a atrás, pode ser que non todo se fixese de maneira óptima, máis tamén podemos admitir que o óptimo adoita ser inimigo do bo e que en cada momento hai que tomar decisións frecuentemente duras en contextos desfavorables ou mesmo hostís. Porén, é amplamente aceptado que, na actualidade, a UDC constitúe unha realidade perfecta-

mente arraigada na área A Coruña-Ferrol que ten no seu haber un traballo constante e uns resultados de éxito máis que evidentes nos eidos da formación de profesionais de elevada cualificación, de investigación e de transferencia ao seu contorno. Neste punto, non é esaxerado afirmar que a creación da Universidade da Coruña contribuíu máis a estes obxectivos que calquera política alternativa de bolsas ou de fomento da investigación.

En todo caso, cómpre fuxir da autocomprancia. Hai aínda moito que facer, xa que, se ben a etapa fundacional a podemos dar por felizmente superada, agora os retos son outros e, talvez, de maior dificultade. Nun contexto económico tremendamente adverso, a comunidade universitaria da UDC ten que seguir elevando a calidade da docencia e da investigación, ten que apostar pola colaboración con outras universidades, institución e empresas para gañar en eficiencia e eficacia e debe seguir apostando polo seu carácter público para acadar unha sociedade máis xusta onde o acceso á educación superior non veña determinado polo berce, senón pola capacidade. Semellantes metas precisan dunha alianza entre a UDC e a cidadanía, para que esta, a través das entidades públicas competentes, poña á súa disposición os medios precisos e para que a universidade lle renda contas con total transparencia e asunción plena de responsabilidades.

1989
2014



**UNIVERSIDADE
DA CORUÑA**

Próximas **xornadas sobre Lingua e Usos**: balance de 25 anos de normalización da lingua galega na UDC



O Servizo de Normalización Lingüística da UDC vén realizando a finais de novembro de cada ano, desde 2004, as súas xornadas sobre Lingua e Usos, cada vez centradas nun ámbito determinado: Lingua e Cidade, Lingua e Ecoloxía, Lingua e Comunicación, Lingua e Xénero etc. Nesta edición de 2014 o título vai ser Lingua e Universidade e o seu obxectivo é facermos un balance da política lingüística levada a cabo, a se inscribiren así estas xornadas no marco da conmemoración do 25 aniversario da UDC.

É esta unha boa oportunidade para revisarmos todo o que se veu facendo e se está a facer en materia de normalización do galego, sempre na perspectiva de tirarmos conclusións proveitosas para o futuro. Neste sentido, o programa inclúe unha serie de relatorios e mesas redondas en que se reflexionará sobre aqueles aspectos máis relevantes da presenza do galego na vida universitaria e se someterán a debate as medidas adoptadas e outras que se puideren adoptar no futuro á vista dos resultados obtidos.

Aínda que o tema central será a análise da política lingüística da

UDC, porén somos conscientes de que non se poden afrontar os problemas da normalización do galego nesta institución á marxe do contexto xeral en que se desenvolve a política das linguas no conxunto do Estado, nas universidades doutras comunidades que tamén teñen unha lingua propia diferente do castelán e, sobre todo, nas outras dúas universidades galegas. De acordo con isto, intervirán un vicerreitor da Universidade do País Vasco e a directora dos servizos lingüísticos da Universidade de Barcelona para nos referiren a política lingüística desenvolvida nas súas respectivas institucións, mais fundamentalmente participarán representantes institucionais da USC e da UVigo, ben como membros do PDI, PAS e alumnado destas mesmas institucións.

No entanto, serán representantes e membros da comunidade universitaria da UDC os que protagonicen as xornadas. Alén da intervención do reitor no acto de inauguración, haberá un balance institucional dos 25 anos da presenza do galego na UDC a cargo do secretario xeral e do director do SNL, unha mesa de debate sobre a política lingüística

levada a cabo nesta universidade e outra sobre a experiencia das CNL dos centros. Nestas dúas mesas, como noutras relativas á dinamización da lingua no SUG ou á docencia e investigación en galego, procurouse combinar no posíbel a pluralidade de perspectivas a respecto da lingua coa participación de todos os sectores implicados (PDI, PAS e alumnado) e coa diversidade de centros, campus e ámbitos científicos existentes, de modo que os debates poidan resultar representativos, variados, enriquecedores e produtivos.

Alén disto, as sesións –que se realizarán na Reitoría da UDC os días 26, 27 e 28 de novembro– están abertas á participación de todos os membros da comunidade universitaria. E desde o SNL queremos animalos a asistiren aos diferentes relatorios e mesas redondas e tamén a participaren activamente nos debates.

*Servizo de Normalización
Lingüística da UDC*

A fin do Austericidio

O sur de Europa precisa dun respiro. Despois de máis dun lustro de políticas de austeridade, os sinais de recuperación económica son aínda moi febles e fráxiles. Incluso Alemaña está a sufrir os efectos dunhas políticas que atrasaron a saída do escenario depresivo en que nos atopabamos inmersos e que castigaron duramente a poboación dos países máis golpeados pola crise a través de altas taxas de paro, pobreza e recortes. Así, a falta de grandes resultados derivados da aplicación de tales políticas, parece lóxico pensar que poidan existir outras alternativas razoables que nos permitan volver á senda do crecemento económico e recuperar a fe no proxecto europeo.

Desde aquí propónse unha posible vía de escape á crise baseada na colaboración e na solidariedade mutua entre os distintos estados europeos. Deste xeito, supoñendo unha vontade amplamente cooperativa no marco da Europa dos 28, Alemaña e os países da antiga *zona marco* (nome co que se denota a antiga fronteira financeira delimitada arredor de Bélxica, Luxemburgo, Países Baixos, Dinamarca etc.) deberían optar pola aplicación dunha política económica claramente expansiva no seo das súas economías que redundase nun incremento dos salarios e nunha redución de impostos. Trátase, en definitiva, de xerar inflación no norte. Non nos asustemos, no marco dunha Europa que se precipita perigosamente cara á deflación hai marxe de sobra para isto (a taxa de inflación alemá para xullo de 2014 foi do 0,3% segundo datos de Eurostat).

Os resultados de tal política serían inmediatos. O incremento salarial e a redución impositiva no norte implicarían unha maior capacidade de consumo nestas economías, o que estimularía a produción tanto dentro coma fóra das súas fronteiras. Efectivamente, o incremento do consumo na *zona marco* beneficiaría os países do sur europeo a través do incremento das súas exportacións cara ao norte, o que suporía un auténtico balón de osíxeno para unhas economías moi desgastadas pola persistencia e virulencia da crise económica.


Sobre as economías do sur europeo os efectos tamén serían beneficiosos. O incremento na demanda de bens e servizos por parte dos países do norte estimularía a produción, o que aumentaría a demanda de traballo dentro das súas fronteiras. Isto último repercutiría sobre a redución dunhas taxas de desemprego (común, xuvenil e de longa duración) absolutamente escandalosas (sobre todo no caso de Grecia e España) e, como consecuencia

directa disto, nun incremento da demanda interna nas economías do sur. Máis crecemento e menos paro, en definitiva.

Non obstante, o indicado non pode nin debe ser de balde. As economías do sur deben aprender dos erros cometidos (que non foron poucos), controlar os seus niveis de inflación e afrontar as reformas necesarias para arranxaren os problemas estruturais dos que adoecen, sempre baixo a supervisión dos nosos socios europeos. O obxectivo é saírmos reforzados e saneados dunha crise que nos puxo ao borde do abismo.

Quizais o aquí indicado semelle demasiado idílico, pero é fermoso soñar e esperar un cambio de rumbo nun escenario en que o desemprego e os recortes arrasaron boa parte das nosas ilusións e esperanzas.

*Rubén Seoane García
Estudiante*



Novos retos para a **internacionalización** da Facultade de Economía e Empresa

A internacionalización forma parte do plan estratéxico da Facultade de Economía e Empresa da Universidade de Coruña, e esa é a razón pola que este artigo ten como obxectivo formular unha proposta que permitirá dispor dun conxunto de indicadores para verificar o grao de avance na estratexia de internacionalización pola que optamos. Neste proceso, pode resultar moi útil o traballo desenvolvido no proxecto IMPI (Indicators for Mapping and Profiling Internationalisation), onde se define un conxunto de indicadores que permiten establecer o perfil de internacionalización de calquera institución de educación superior.

O primeiro indicador que servirá para valorar onde nos atopamos é o da **mobilidade académica** dos estudantes (programa Erasmus, acordos bilaterais, programas de dobre titulación e programa de prácticas en empresas no estranxeiro). Especial relevancia teñen no noso centro os programas de dobre titulación, que lles permiten obter aos estudantes dous títulos na nosa universidade ou nas dúas universidades participantes dun acordo. Neste último caso, o acordo require que cada universidade recoñeza parte dos créditos cursados na outra, o que supón un recoñecemento mutuo entre as institucións asinantes e que

na práctica equivale a admitir que as ditas institucións teñen unha reputación homologable no que se refire aos títulos do acordo.

O segundo indicador ha de referirse á **mobilidade docente** e aos sistemas de recrutamento do profesorado. A internacionalización do profesorado requirirá programas



que permitan o fortalecemento da experiencia internacional dos nosos profesores e a incorporación de docentes estranxeiros mediante a contratación de investigadores que, sen ter en conta a súa nacionalidade, acrediten unha excelente traxectoria.

O terceiro indicador está relacionado coa **investigación**, actividade que pola súa propia natureza debe considerarse desde unha perspectiva global, e en que o grao de internacionalización se ha de medir a partir de tres referencias: a orixe dos fondos para as actividades de

investigación, o número de publicacións científicas compartidas e, por último, a porcentaxe de teses de doutoramento que se desenvolven en réxime de cotitoría internacional.

Finalmente, o último indicador fai referencia á **internacionalización institucional** que ha de relacionarse coa información en linguas estranxeiras, a estratexia de promoción no estranxeiro, os servizos habilitados para a atención e integración de estudantes estranxeiros e o persoal de administración e servizos capacitado noutras linguas, entre outros.

A modo de conclusión, podería dicirse que se describiron de forma resumida algúns dos indicadores que nos han de servir para valorar onde se atopa a nosa Facultade no camiño da internacionalización que decidiu emprender.

Antonio García Lorenzo
PDI



Paraísos fiscais e países de baixa tributación, outra burla financeira

Xa a ninguén se lle escapa a relevancia das rexións *offshore* dentro do total da economía, aínda así hai que matizar que non sempre son actividades ilícitas mentres que o diñeiro proceda dunha fonte legal de ingresos.

Debemos matizar o obxectivo de creación destas entidades *offshore*:

- **Elusión:** consiste en trasladar o feito impositivo á rexión *offshore* para reducir a tributación, o cal é legal.

- **Evasión:** é o mesmo obxectivo que a elusión, pero empregando medios ilícitos para facelo, tanto por procedencia do diñeiro, como por artes do engano.

- **Enxeñaría fiscal:** deseñado por expertos fiscais coa finalidade da redución impositiva, é o uso combinado de distintos tributos e rexións tributarias.

É lóxico pensar que as axencias tributarias estatais teñen dificultades físicas e legais para o control deste tipo de empresas. Os factores máis relevantes polos que a un país se lle escapan estes fluxos de beneficios, sen tributar nas súas fronteiras, son:

- **Xurisdición internacional:** é comprensible que os axentes tributarios non poidan determinar as leis doutro país, polo que non poderán modificar o tipo impositivo, do mesmo xeito que



tampouco poderán auditar as actividades ou actos que levan a cabo.

- **Segredo bancario:** é habitual que nestas rexións os intermediarios financeiros non teñan a obrigaón de fornecer información ás autoridades doutra rexión mentres non estea demostrado que o suxeito cometeu un delito grave.

Co dito xa se plasma a dificultade de actuación dos tribunais, debido a que se necesitaría unha sentenza en contra no país de orixe das rendas para levantar o segredo bancario e comezar o proceso xurisdiccional noutra rexión, polo que temos dous tribunais implicados, onde se podería incrementar o seu número se empezamos a meter persoas de distinto lugar de procedencia que deben rexerse polas leis da súa rexión.

Unha medida da OCDE para combater as rexións *offshore* foi a obriga

ción de que as rexións teñan que asinar máis de doce acordos de colaboración, o problema disto é que se asinaron tales acordos entre as distintas rexións *offshore* ou con países onde non teñen actividade, polo que continúan sendo medidas insuficientes.

A xeito de proporcionar unha inocente, pero matizada, solución deberíase considerar como medida ao desvío de rendas que non tributan equitativamente nunha determinada rexión, calcular os custos reais de produción de cada produto, xa que así se coñecería a marxe imputada pola cal se deben pagar os impostos.

Nas nosas aulas ensinannos que temos tres poderes representados na lexislación, pero debemos incluír un cuarto poder: o poder financeiro que controla os demais directa ou indirectamente.

Javier Cordal
Estudiante - egresado



A Liga Reumatolóxica Galega e o proxecto LIGA FLASH: máis aló dunha imaxe

A liga REUMATOLÓXICA GALEGA é unha asociación sen ánimo de lucro formada por persoas con enfermidades reumáticas, familiares e profesionais, que traballa co obxectivo de ofrecer soporte e asesoramento á persoa afectada por unha enfermidade reumática e ao seu contorno familiar.

A Liga Reumatolóxica Galega representa o colectivo de persoas reumáticas ante as administracións e ante a sociedade, co fin de sensibilizar os poderes públicos, as institucións e a sociedade en xeral, da importancia que teñen os reumatismos, para favorecer a investigación sobre as causas deste tipo de enfermidades e sobre novos tratamentos para combatelas. O feito de chamarse liga en lugar de asociación, responde a que traballa para combater non só unha enfermidade reumática, senón todas as enfermidades relacionadas

co aparato locomotor. As enfermidades reumatolóxicas, entre as cales se atopan preto de 300 tipos, tales como a artrite, a artrose, o lupus, a osteoporose, a fibromialxia, a lumbalxia ou a cervicalxia, afectan en España a 25 millóns de persoas.

Desde hai anos, a actividade da liga REUMATOLÓXICA, á parte das relacionadas anteriormente, está ligada a movementos culturais, sociais e deportivos encamiñados a buscar tamén para os afectados e afectadas unha actividade que eleve o seu espírito, a súa creatividade e o seu afán de superación, pero, sobre todo, como unha maneira de que os afectados e afectadas se abran á sociedade.

O proxecto LIGA FLASH

A Liga Reumatolóxica Galega púxose en contacto con 13 fotógrafos galegos, co obxectivo de que cada un deles dese a súa visión deste colectivo sen buscar recrearse nas doenzas pero si na actividade, a

normalidade e a peculiaridade das persoas que, dunha maneira ou doutra, están ligadas a unha enfermidade reumática. Os membros da Liga Reumatolóxica serán os modelos que participarán nas sesións dos profesionais que aceptaron este reto. Os obxectivos dos nosos fotógrafos captarán o embarazo e a maternidade, a sexualidade, a vida laboral, a infancia afectada por doenzas reumatolóxicas e a implicación da familia e o contorno social.

Este traballo terminará cunha exposición que percorrerá as localidades galegas, sairá nun circuíto por España e viaxará tamén por Europa. Os obxectivos desta acción son dar visibilidade á liga REUMATOLÓXICA GALEGA e ás persoas que a integran.

*Ana Vázquez Lojo
Presidenta da Liga
Reumatolóxica Galega*

Preguntas frecuentes na Administración da FEE

A OPORTUNIDADE ADIANTADA

de avaliación nas titulacións adaptadas ao EEES

Cantas convocatorias existen para unha materia nun curso académico?

Existe unha única convocatoria por ano académico para cada unha das materias.

E cantas oportunidades hai por cada convocatoria? O alumnado dispón de dúas oportunidades por cada convocatoria.

Que é a oportunidade adiantada de avaliación? O alumnado de grao e mestrado que non teña pendente máis que a superación de 12 créditos correspondentes a materias das que xa estivese matriculado nalgún ano académico

ou de 18 créditos correspondentes a prácticas, ademais do TFG ou TFM, para rematar os seus estudos, poderá concorrer a **unha oportunidade adiantada de avaliación** que se realizará antes da finalización das actividades académicas correspondentes ao 1.º cuadrimestre, naquelas datas que se establezan no calendario académico que aprobar o Consello de Goberno.

Como se solicita esta oportunidade adiantada? O alumnado que desexe concorrer a esta oportunidade adiantada de avaliación deberá solicitalo coa matrícula ordinaria

nos prazos que para esta se estableceren e matricularse de forma obrigatoria en todas as materias que lle resten para finalizar os seus estudos, incluída a matrícula no TFG ou TFM.

Cando se realizará a oportunidade adiantada de avaliación? Antes da finalización das actividades académicas correspondentes ao 1.º cuadrimestre, naquelas datas que se establezan no calendario académico que aprobar o Consello de Goberno. O calendario académico da UDC para o **curso académico 2014/2015** establece:

	Datas de avaliación	Data límite de sinatura e entrega de actas
Adianto de convocatoria	<i>Do 1 ao 12 de decembro de 2014*</i>	<i>19 de decembro de 2014</i>
*Os horarios de avaliación do adianto de convocatoria serán establecidos polo centro, unha vez coñecidas as solicitudes.		

Que ocorre de suspender ou non presentarse á oportunidade adiantada?

Aquel estudante que non supere a avaliación na oportunidade adiantada, ou non se presente a esta, malia telo solicitado, poderá utilizar como segunda oportunidade, ao seu criterio, tan só unha das establecidas nese mesmo curso académico: a 1.ª oportunidade para materias do 1.º cuadrimestre ou do 2.º cuadrimestre, nas datas que se estableceren no calendario acadé-

mico que aprobe o Consello de Goberno, ou a 2.ª oportunidade no mes de xullo.

Que normativa regula o adianto de oportunidades? Os trámites e condicións que corresponden a este adianto de oportunidades están establecidos no artigo 19 das *Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario*, aprobadas polo Consello de

Goberno do 19/12/2013.

http://www.udc.gal/export/sites/udc/normativa/_galeria_down/academica/avaliacionrevrecl.pdf

Nota: esta información é orientativa e está elaborada segundo a normativa vixente no momento en que a publicamos; a normativa de xestión académica, que se publica cada curso académico, así como a elaboración de nova normativa e instrucións poden introducir cambios.

A Costa de Dexo

Moi preto da Coruña, no termo municipal de Oleiros, **temos un auténtico paraíso natural ao alcance das nosas mans**. A costa de Dexo é simplemente un tesouro do que podemos gozar todos aos que nos gusta o lecer no aire libre e sempre que dispoñamos dun par de horas para camiñar e contemplar un espazo protexido situado na cerna do Golfo Ártabro.

Hai tan só unhas semanas percorrín os, aproximadamente, dez quilómetros que separan o Faro de Mera do porto de Lorbé cun grupo de amigos procedentes doutras partes de Galicia. Xuntámonos na explanada do faro contra as dez da mañá. Diante da impresionante contemplación da Coruña desde este punto –dubido que haxa outra vista mellor da cidade–, todos coincidiron en que a experiencia ía pagar a pena. Porén, o mellor aínda estaba por chegar.

Era unha mañá soleada do comezo do outono cun fresco agradable que convidaba a andar a bo paso polo camiño que leva ao Seixo Branco por Canaval. Fómonos metendo devagar na paisaxe da costa atlántica: bosques de piñeiros e monte baixo nos arredores do Seixo. De novo, o grupo ficou pampo coa paisaxe da inmensidade do océano vista desde o extremo norte de Oleiros. A torre de Hércules ao oeste; ao norte, Inglaterra –mar por medio, obviamente–; e ao noso leste, a dozura da costa das Mariñas que vai transformándose en mar aberto cara á entrada da Ría de Ferrol e os cabos Prior e Prioriño.

Logo viñeron as furnas, que son covas furadas na rocha pola insistencia da erosión do mar e que convierten a zona nunha caste de queixo pétreo de Gruyère.

Andando, andando, chegamos ao fermosísimo e diminuto porto de Dexo. Alí pódese contemplar unha magnífica vista da Pena da Marola. “*Quen cruzou a Marola cruzou a mar toda*” é a frase que os coruñeses adoitamos escoitar desde a nosa nenez sobre estes cons tan característicos. Hei dicir que, para min, a Marola sempre semellou unha tartaruga rochosa, cunha cuncha e cunha cabeza perfectamente identificables. Deseguido, subimos á pequena aldea de Dexo, que acolle unha marabillosa igrexa románica consagrada polo arcebispo Xelmírez no século XII. Esta xoia da arte medieval é unha sorpresa que contribuirá a satisfacer as inquedanzas culturais dos camiñantes máis esixentes.

A ruta rematou co descenso desde Dexo até o porto de Lorbé. Alí todo o grupo puido descansar e degustar o froito do mar máis característico da comarca: o mexillón. Unha preparación esmerada ao vapor, en salsa, en escabeche e con gabardina. En fin, unha *delikatessen*.

A experiencia dos sentidos vivida na Costa de Dexo é difícil de superar. Boa conversa, fermosas paisaxes, reencontro coa historia e comida deliciosa. Pouco máis se pode pedir.

Anxo Calvo
PDI



A auga: un dereito humano ou unha mercadoría?

O capitalismo, ou economía de mercado, caracterízase pola procura incesante de lucro individual por medio das transaccións mercantís. Xa que logo, a súa lóxica implica a necesidade de transformar todo en mercadoría susceptible de producir beneficio. A auga non podía ficar fóra do seu ámbito de actuación. Desde ese punto de vista, a auga constitúe un produto capitalista perfecto por varios motivos. En primeiro lugar, trátase de algo imprescindible para a vida. Ao mesmo tempo, é raro e escaso, pois **malia que ocupa o 70% da Terra, só o 1% é auga doce accesible**, e a súa oferta global non se pode incrementar. Finalmente, e a diferenza doutros recursos básicos como os enerxéticos, a auga non ten substitutos.

Estes trazos peculiares, en especial a súa transcendencia vital, orixinaron nos últimos anos un importante debate que non é, nin debe ser, simplemente académico senón tamén, e sobre todo, social.

Por unha banda, os neoliberais conciben a auga como un ben exclusivamente económico, considerando que a súa asignación debe efectuarse polo mercado, pois este garantizará unha maior eficiencia no seu uso. De aí que defendan a privatización da provisión de auga á poboación. Dado que a demanda está asegurada e é crecente e trátase de aumentar a escala do negocio, este enfoque céntrase en asegurar a expansión da oferta comercializable mediante a creación de embalses, canais e transvasamentos. Esta posición colleu pulo coa política de privatizacións dos anos noventa, levada a cabo en moitos países, en especial do Terceiro Mundo, baixo os auspicios de entidades como o Fondo Monetario Internacional e o Banco Mundial, que a impuñan como contrapartida aos seus empréstitos, así como resultado dos acordos de liberalización comercial da Organización Mundial de Comercio. As impulsoras, ao través de potentes *lobbies* sectoriais, desta estratexia privatizadora foron as grandes multinacionais do sector, sendo de lonxe as máis importantes as francesas Suez e Veolia.

Fronte a esta visión economicista xurdiu outro enfoque, defendido por economistas institucionalistas e movementos populares variados (ecoloxistas,

indíxenas, labregos, feministas, cidadáns). Para este grupo, **a auga é un activo social**, que incorpora valores non meramente crematísticos senón tamén simbólicos, culturais e emocionais. Trataríase dun dereito humano, que debe ser garantido polas administración. Xa que logo, debería estar baixo o control dos cidadáns e a súa distribución baseada nos principios da igualdade e a cooperación. Dado que **se trata dun ben básico e escaso que hai que preservar e garantir** non só para a Humanidade, actual e futura, senón tamén para manter o equilibrio dos ecosistemas que sustentan a vida na Terra, hai que actuar sobre a demanda, incentivando modelos de consumo responsable.

Os malos resultados económicos das privatizacións e a crecente contestación social na última década (disturbios en Cochabamba, 2000, referendos de Uruguai, 2004, e Italia, 2011) reverteron o proceso privatizador, asistindo a unha remunicipalización do servizo en moitas cidades e o abandono da xestión en moitos países periféricos por parte das devanditas multinacionais, reorientando a súa actividade cara a sectores máis prometedores e menos conflictivos como asistencia tecnolóxica, tratamento de augas residuais etc.

Alberte Martínez
PDI



Renovamos a acreditación dos **títulos** da nosa facultade

O pasado día 25 de setembro de 2014 recibimos os informes finais de avaliación da renovación da acreditación dos graos impartidos no noso centro, así como do Mestrado en Banca e Finanzas. A valoración global outorgada pola ACSUG para os Graos en ADE, Ciencias Empresariais e Economía, ademais do Mestrado xa citado, é en termos de "favorable".

Este feito indica que os nosos títulos superan con éxito a avaliación dos criterios recollidos nas tres grandes dimensións aplicables a todas as titulacións de grao e mestrado: xestión do título, recursos e resultados. Cómpre salientar que o resultado do proceso depende tanto do cumprimento dos compromisos adquiridos para impartir os títulos, como dos resultados que se obtiveron con estes.

Debemos recordar que o Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, modificado polo Real decreto 861/2010, do 2 de xullo, recolle que **os títulos universitarios oficiais de grao e doutoramento deberán renovar a súa acreditación antes do transcurso de seis anos**, que contan desde a data da súa verificación inicial ou desde a súa última acreditación; **os títulos de mestrado deberán facelo antes dos catro anos** (neste caso houbo unha


moratoria). A Facultade de Economía e Empresa da UDC participou nun proceso piloto para esta renovación no ano 2014, antes da data en que oficialmente deberiamos someternos á avaliación obrigatoria.

Este resultado é froito do seguimento dos títulos que se leva facendo de forma anual no centro e da avaliación externa que supuxo a visita ao centro dunha comisión de expertos os días 31 de marzo, 1 e 2 de abril de 2014. Sen dúbida, o resultado

obtido é un éxito colectivo da Facultade de Economía e Empresa e polo cal debemos estar satisfeitos. Porén, cómpre ter en conta que se trata dun proceso que en absoluto está rematado, de xeito que non debemos baixar a garda. Existen numerosas cuestións en que temos que mellorar e para iso é necesario seguir traballando, coa implicación de toda a comunidade universitaria.

Estefanía Mourelle Espasandín
PDI





O grupo de investigación Lingua e Sociedade da Información (LyS, www.grupolys.org) coordinado pola profesora Margarita Alonso Ramos está constituído por profesores e investigadores das áreas de Lingüística Xeral e de Ciencias da Computación e Intelixencia Artificial.

O labor levado a cabo por licenciados en Filoloxía especializados en Lexicografía, Lingüística de Corpus e Lingüística Computacional complementase co traballo dos enxeñeiros informáticos no campo do Procesamento da Linguaxe Natural e a Enxeñaría da Lingua, co obxectivo de crear ferramentas que faciliten a aprendizaxe de linguas estranxeiras, así como o tratamento automático da información codificada en lingua natural.

Entre os produtos desenvolvidos por LyS destacamos o *Diccionario de Colocaciones del Español* (DiCE), contorno de libre acceso dirixido a aprendices de español e, en xeral, a toda a comunidade lingüística. O dicionario axúdanos a combinar as palabras correctamente de tal xeito que en castelán dicimos *fruncir el ceño* mentres que, para transmitir o mesmo sentido, en galego dise *engurrar o cello* ('arrugar') e en

inglés a expresión apropiada é *darken the frown* ('oscurecer'). Para máis información é posible visitar o perfil de Facebook do DiCE así como o seu blog en collocate.blogspot.com.es.

Outro produto desenvolvido recentemente e de marcado interese no ámbito empresarial é MIOPIA, que permite analizar as opinións expresadas sobre produtos e servizos nas redes sociais, nomeadamente Twitter. Esta ferramenta quedou nas primeiras posicións en compañías de avaliación internacional como TASS 2013 e 2014, CLEF RepLab 2014 ou SemEval 2014. Pode accederse a MIOPIA e ao seu API na páxina miopia.grupolys.org

Nos últimos anos, o grupo LYS organizou congresos internacionais, xornadas con empresas e contou con investigadores invitados de recoñecido prestixio internacional. Participa actualmente na ESF Research Networking Programme: Evaluating Information Access Systems, na Rede Temática en Tratamento da Información Multilingüe e Multimodal (TIMM) e a Rede Galega de Procesamento da Linguaxe e Recuperación da Información (RedPLIR). Nun pasado recente, coordinou a Rede Galega de Recursos Lingüísticos para unha Sociedade do Coñecemento (RELISCO).

Estela Mosqueira
Investigadora Grupo LyS



Formas de Discriminación

Ten sentido separar a expresión artística por sexos? Coidamos que non. Estudos en que non aparece unha soa muller, ou aparece de xeito testemuñal. Antoloxías de poetisas-mulleres en que non aparece ningún home. Institucións dirixidas, sistematicamente, por homes. Coa mesma lóxica, por que non se fan outras clasificacións: gordos e fracos, louras e morenos, crentes e ateas... Cal é a diferenza entre estas categorías e a outra, masculino/feminino, que decotío se emprega na arte. Unha actitude similar noutros ámbitos sería cuestionada e provocaría, con toda a razón, a protesta.

Tal clasificación é ilóxica, absurda, obsoleta; o que é peor, secundada por un sector feminino que a

acepta, non sei se por crer nela, ou por non desaproveitar as plataformas e promocións que reporta; malia relegarnos a unha especie de guetto ("poesía feminina"), de recanto tolerado, anecdótico, pero sen acadar a verdadeira consideración de poeta. **A condición sexual é íntima e non debe ter relevancia á hora de vulgar os produtos do intelecto**; pode inclusive poñernos á carón dunha persoa ideoloxicamente oposta.

Valoren, critiquen a arte pola súa calidade, sen discriminacións, privilexios, e separacións de colexio de monxas. Se as revolucións se consagran cando os seus ideais son aceptados inconscientemente pola sociedade, **a integración da muller como artista non se acadou**, pois

segue sen se pasar por alto a condición sexual. Abertas outras fronteiras, cómpre seguir loitando pola normalización.

*Diana Varela Puñal
Pluma convidada*



Galego de serie

Non sempre ocorre que unha iniciativa consistente en recoller sinaturas chega a bo porto e ve cumprido o seu obxectivo, mais da que imos falar nas liñas que seguen é unha feliz excepción. Hai cousa dun ano, cando a revista que sostés chegaba ao seu número 4, falabamos da solicitude aberta na rede para que Google incorporase a lingua galega como idioma nativo do seu sistema operativo Android.

Pois ben, 12 meses despois e 4.294 sinaturas reunidas podemos berrar **OBXECTIVO CONSEGUIDO!!** A partir do Android 5.0, que acaba

de saír do forno, a lingua galega será unha máis de entre as posibilidades de escolla.



Xa non dependerá, por tanto, da vontade do fabricante e os desenvolvedores terán un estímulo máis para incluír a nosa lingua á hora de definiren as linguas dos seus aplicativos.

Ahh! e lembra que desde o mes de xullo a túa conta de Gmail xa tamén a podes configurar en lingua galega!! Boas novas tecnolóxicas para rematar o ano!

*Xesús Mosquera Carregal
Servizo de
Normalización Lingüística*

As competencias informáticas e informacionais na Universidade



Hoxe en día vivimos rodeados de tecnoloxía e invadidos pola información. Producimos, consumimos, xestionamos e comunicamos grandes cantidades de información a diario, especialmente no contorno académico, pero tamén no profesional e persoal. Cada vez faise máis necesario ter as competencias necesarias para xestionar toda esta información de xeito eficiente, con espírito crítico e ético e coñecendo os límites que nos impón a lexislación. Esta capacidade de utilizar coñecementos e destrezas na busca e xestión da información é o que coñecemos como **competencias informáticas e informacionais**, que na Universidade son, ademais dunha esixencia dentro do EEES, fundamentais para o cumprimento dos seus fins. Ser competentes informacionalmente constitúe unha necesidade real para todos os integrantes da comunidade universitaria, pero especialmente para os alumnos, pois no seu proceso de aprendizaxe é esencial saber utilizar os recursos de información: as bases de datos especializadas, os bancos de datos, os recursos bibliográficos en rede etc. Teñen que saber ir máis aló da información xeneralista que ofrece internet.

Dentro das **competencias informáticas** básicas é fundamental que os alumnos saiban traballar eficazmente con ordenadores e outros dispositivos, instalar e manexar as aplicacións máis comúns e navegar de xeito seguro por internet, coñecendo os riscos. En canto ás **competencias informacionais**, son aquelas que se refiren especificamente ao uso e xestión da información: recoñecer a necesidade de información, saber onde busca (coñecer as fontes e recursos) e como facelo (establecer estratexias adecuadas de busca). Tamén é necesario ser competente na avaliación da calidade da información atopada e facelo de xeito crítico, así como coñecer as

ferramentas para poder organizala eficazmente. Por último, o alumno debe saber usar a información de xeito ético e legal, o que conseguirá por medio do uso correcto da cita e a bibliografía.

A Universidade debe ser o lugar onde os alumnos adquiren todos estes coñecementos. Conseguilo é aínda un reto, pero cada vez máis preto de alcanzar, coa concienciación cada vez maior de profesores, alumnos e bibliotecarios que xa estamos a traballar en colaboración neste importante obxectivo común.

*Biblioteca da Facultade de
Economía e Empresa*



"The software wars": A batalla de Múnic

As "software wars"¹ foron unha representación humorística das relacións e enfrontamentos entre as grandes empresas de software, cun imperio de Microsoft no centro e diferentes empresas e organizacións rodeándoos. Todo iso en forma de plano dunha batalla.

Estas guerras están cheas de pequenas escaramuzas e de batallas máis grandes que levan as empresas de software a gañar ou perder clientes.

Un exemplo de manobra pequena sería a seguinte: un compañeiro contábase que aínda que era aberto nestas cousas e aceptaba traballos dos estudantes en formato de LibreOffice, estes non controlaban e enviábanlle os ficheiros de folia de cálculo sen fórmulas, polo que lles tivo que dicir que os enviasen en formato de Excel. Claro, o que el non sabía é que os estudantes mandaban os ficheiros correctamente pero o software que usaba (o Excel de Microsoft, pagado pola universidade) non o abría ben, a pesar de que afirmaba facelo. Deste xeito, unha persoa, aparentemente neutral, acababa presionando diferentes usuarios en favor dos produtos dunha das grandes compañías de software e importante contendente nesas batallas.

Unha manobra de maior tamaño sería a "batalla de Múnic": en 2001 o concello de Múnic decidiu que

todos os seus ordenadores ían funcionar con Linux, e organizaron un plan para conseguilo. Un plan que levaría varios anos, en diferentes etapas.

Estes anuncios non adoitan dar lugar a nada, por que, ademais do traballo que leva instalar todos eses sistemas operativos e adaptar algúns programas específicos, tamén é necesario que moita xente acepte traballar "coas iconas cambiadas de sitio"², e que reciba formación sobre algúns programas novos, que podían ser moi parecidos pero non idénticos. Aproveitando estas resistencias (estas "accións individuais") era doado enviar un técnico a algún executivo (depende da importancia do proxecto) que presionando adecuadamente, ou facendo ofertas máis ou menos interesantes, conseguía que o proxecto quedase en nada.

En Múnic deben ser moi testáns por que conseguiron rematar a mudanza e en 2013³ dérona por concluída, publicando un informe explicando todo o proceso, cos seus gastos e os seus aforros. Indicaban nel que conseguiran xa un aforro de 10 millóns de euros.

Con todo, a batalla aínda non rematou. Nada máis aparecer ese informe unha empresa, a Hewlett-Packard, publicou un contrainforme dicindo que ese aforro era falso,

pero negándose a explicar como chegaban eles a eses resultados, cousa que si aparecera no informe oficial.

Os seguintes ataques importantes ocorreron ao cambiar o alcalde. De súpeto saíu dicindo que o tema de Linux había que estudalo por que os usuarios estaban descontentos, e había problemas técnicos, como por exemplo que tardaran moito tempo en configurar o seu móbil⁴.



A saber como evolucionará iso, por que non é tan doado desfacer o cambio (15.000 ordenadores). En resposta a unhas preguntas dunha concelleira tivo que explicar que o problema do seu móbil non era co Linux, que era outra cousa, que as queixas dos usuarios eran sobre bastantes aspectos, non só sobre o sistema operativo e que ademais para volver a Windows necesitarían polo menos 17.000.000 de euros, entre licenzas, ordenadores novos, formación de usuarios⁵ ... Iso si, agora teñen en Múnic as oficinas además de Microsoft.

*Xosé M. Martínez Filgueira
PDI*

¹ http://www.people.vcu.edu/~gasaunde/os_humor.htm

² Hoxe en día, co novo escritorio de Windows 8, ou o Unity de Ubuntu xa existen diferenzas importantes entre os escritorios, pero cando Múnic iniciou o seu proxecto as diferenzas eran insignificantes

³ <http://www.muylinux.com/2014/05/10/munich-windows-linux>

⁴ Non é un chiste, queixouse diso: <http://lamiradadelreplicante.com/2014/08/17/munich-podria-abandonar-linux-y-volver-a-microsoft/>

⁵ <http://lamiradadelreplicante.com/2014/10/15/el-alcalde-de-munich-reconoce-que-volver-a-windows-constaria-varios-millones-de-euros/>

